

# VACINAS SEN BENEFICIOS CLAROS

# Algunha xustificación?

vs. IMPOSICIÓN DE CERTIFICADOS



[animámoste a comprobar as referencias no blogue <https://saudemutua.noblogs.org> ]

Antes de nada, aclarar: supoñemos que as vacinas-covid teñen *algunha* utilidade en persoas de risco. Pero **non entendemos que o Estado imponha a súa obrigatoriedade** restrinxindo os dereitos das persoas que non se vacinen. Sobre todo cando se trata dunhas vacinas que:

- ☞ **non completaron os ensaios clínicos** [ref. a]
- ☞ foron **aprobadas en base a uns deficientes estudos feitos polas propias Farmacéuticas** [ref. b]
- ☞ **non amosan beneficios para as persoas que xa pasaron a enfermidade** [ref. c]
- ☞ teñen unha **efectividade moi limitada no tempo**, menor que a da inmunización natural (asumible con baixo risco para a maioría) [ref. d]
- ☞ presentan **efectos adversos considerablemente graves e frecuentes**, e están administrándose **sen prescripción médica** [ref. e]
- ☞ **non amosan beneficios claros contra a enfermidade**, vista a proporción de vacinadx hospitalizadx por covid [ref. f]
- ☞ foron **aprobadas por Axencias gubernamentais co-financiadas pola industria** [ref. g]

Pois ben, agora din que "están pensando" se impoñer tamén o pase covid ÁS CRIANZAS! [ref. h].

Cando para as pequenxs estas vacinas representan **moitos máis perigos que beneficios!!** Nin sequera están recomendadas pola OMS para nenxs e xóvenes. [ref i]

Doutra banda, se a vacina non diminúe notablemente as hospitalizacións por Covid, é que a efectividade está moi lonxe do que nos venderon. **Unha**

**terceira dose de reforzo vai solucionar isto? E ata cando habería que administrar doses de reforzo?**

Ademáis, **estase levando un reconto adecuado das reaccións adversas ás vacinas?** Porque en novembro, as mortes por covid foron 640, mentres que o exceso de mortes por todas as causas (con respecto ao esperado en base a outros anos), foi de 2,994. Tamén no verán se deu un pico mortalidade non esperada e non atribuíble á covid. Os expertos oficiais declaran que non coñecen a causa de ningún dos dous picos de sobremortalidade [ref. j]. **Vaise seguir obviando a farmacovixilancia?** Vaise seguir sen facer autopsias para comprobar a causa deste exceso de mortes?

E existe outra cuestión, que vacinar masivamente con vacinas que inmunizan fronte á mesma proteína (da variante orixinal), pode favorecer a evolución do virus cara a **variantes** que escapen á propia inmunidade vacinal. [ref. k] Isto podería estar xa sucedendo coa omicron.

Pero todo isto non fai que as autoridades se cuestionen a utilidade das vacinas actuais, nin que se plantexen se realmente compensa para toda a poboación o balance risco/beneficio de administralas. Todo o contrario, continúan impondo de forma indirecta a vacinación a cada vez a máis capas da poboación (incluíndo a persoas cunha mínima incidencia de problemas derivados da covid, como nenxs e xóvenes). *Algunha xustificación?*

## **Sobre todo queren o QR.**

E **por que** se lles meteu este conto entre cella e cella, *se non é demasiado útil a nivel sanitario*, se implica *un grande gasto* en poñer a punto as ferramentas informáticas; e sobre todo se implica *unha importante vulneración dos dereitos fundamentais*? (E todo isto non só o dicimos nós, tamén foi denunciado en revistas científicas de primeira liña [ref l]).

Non o sabemos. Pero se nin sequera está claro o beneficio das vacinas sobre a hospitalización/mortalidade, **o beneficio sanitario do certificado está máis que en dúbida**. O que sí que fai é que máis xente se vacine, pola presión social e a necesidade de levar unha vida “normal”. E as autoridades teñen moi claro que o camiño é vacinarse máis, chegando a obviar mesmo tratamentos baratos que se están aplicando oficialmente noutros países con éxito [ref m].

Si que sabemos que farmacéuticas e medios comparten accionistas: grandes fondos de inversión como BlackRock. Os políticos tamén collen o seu cacho, mediante as numerosas "portas xiratorias" que comunican o sector público e o privado [ref n]. Tamén sabemos que as vacinas supoñen un trasvase de grandes cantidades de diñeiro público ao capital privado, mediante a subvención e a compra (indefinida?) destes fármacos. Ademáis, desde o comezo da pandemia

a pesar da insistencia na vacinación **non se está reforzando o sistema sanitario público**, como veñen denunciando asociacións pola defensa do mesmo [ref o]. É máis, continúa sendo recortado, ademáis de ser sometido a constantes cambios nos protocolos que en moitos casos non teñen un sentido sanitario e non fan máis que **agravar o estrés dxs sanitarixs**.

No medio dunha pandemia ante a que se está recortando a sanidade pública, e nun contexto de **grande deterioro da saúde mental da poboación**, parécenos criminal que as administracións se arroguen o dereito de obrigarnos a cumprir cuns mandatos de vacinación con substancias sobre as que falta moito por coñecer. Isto en si mesmo constitúe unha auténtica agresión cara a poboación.

Porén, ademáis de ser unha medida para fomentar a vacinación (e a facturación das farmacéuticas) **parécenos que a insistencia no certificado non se entende só no contexto da crise sanitaria**. Pensamos que ten relación cunha *intervención política de cara á xestión socialmente a crise económica*.

## **Por que todo isto agora?**

A pandemia comezou (ou chegounos) en 2020, pero os dous anos anteriores estiveron tamén marcados por acontecementos importantes. No 2018 intensificouse a guerra comercial entre China e EEUU, que comezaba a lembrar á tensión da Guerra Fría. No ano 2019 puidemos ver revoltas en moitos países a causa de subidas de prezo dos combustibles fósiles.

En marzo de 2018 China creara o yuan-ouro, unha moeda respaldada por ouro que coa súa posta en marcha precipitou na práctica o *desmoronamento do sistema económico* liderado por EEUU (petrodólares sen respaldo físico), *vixente desde os anos 70* [ref p]. Isto desencadeou unha enorme **crise financeira global**, máis acentuada nos países aliados de EEUU, e toda unha re-ordenación das alianzas. Aínda que non hai moita conciencia xeral disto, no 2019 os indicadores económicos xa anticipaban unha crise moi superior á do 2008 [ref q]. A esta crise, por se fora pouco, hai que engadirlle novos "records" en **escasez de petróleo, deterioro ambiental e poboación mundial**. Acábase o ciclo de abundancia (ou máis ben *pseudo-abundancia*) que desfrutábase en occidente desde os anos 70.

*Que fan os gobernos ante as crises?* Pois **austeridade**, represión e re-estructuración político-económica. **Inxeccións de diñeiro ao sector privado**: se na crise do 2008 se rescatou á banca, agora repítese a receita coa subvención e compra de vacinas. Coa excusa da "distancia social" acelérase a dixitalización dos **servizos públicos**, constituindo unha nova maneira de **recortalos e excluír** a moitas persoas do seu uso.

Dixitalizar e robotizar todo o que se poda é tamén un xeito de **aforrar en traballadorxs**: mediante o teletraballo vannos anticipando esta situación.

Por outra banda, o **certificado dixital** proporciona un maior **control social** ao Estado. Con el, o poder dispón dunha ferramenta para intervir na vida social mediante unha serie de *checkpoints* condicionados ás súas decisións, o que serve **outra vez para excluír** a diferentes capas da poboación de certos dereitos ou beneficios sociais. Xa o estamos vendo coas persoas non vacinadas, pero unha vez que aceptamos a ferramenta nada nos asegura que nun futuro non se aplique tamén a outras cuestións: cunha mínima "actualización" podería conter outros datos ademáis dos relacionados co covid (outros diagnósticos, puntos do carné de conducir, antecedentes penais, estatus migratorio, etc), xenerando así novas segregacións para xestionar a unha poboación excesiva e acostumada a "privilexios" xa obsoletos.

Á hexemonía de EEUU acompañoulle unha enorme difusión global dos seus valores e políticas neoliberais. Agora, coa hexemonía de China, podemos esperar o mesmo, xa que o resto dos estados teñen que competir con ela. O Estado Chino actual caracterízase por extraer un enorme rendimento económico da súa poboación *reprimíndoa*. Non podemos deixar de mencionar o seu "sistema de crédito social", baseado tamén nunha identificación dixital.

O certificado, como outras políticas carentes de sentido sanitario que fomos vendo desde o comezo da pandemia, son ferramentas para xenerar **ailamento, desconfianza** entre a poboación e **competitividade**, e crear unha sociedade máis sumisa e maleable, que acepte sen dar moitos problemas as reformas que o Estado/Capital considere necesarias no contexto de crise. Mediante *corentenas e restriccións sen sentido sanitario, e censura e manipulación* informativas, están **polarizando, reorientando os valores e fomentando a obediencia**: agora ser solidaria é obedecer os mandatos e delatar ou facer escarnio de quen non o fai, ou mesmo de quen simplemente tenta informarse máis aló dos medios maioritarios. Están aproveitando unha crise sanitaria para voltarnos incapaces de organizarnos colectivamente ou defender os nosos dereitos. Disfrázano de responsabilidade e solidariedade, pero a "nova normalidade" é un refuxio no individualismo máis férreo.

A que describimos é unha realidade gris, e somos conscientes de que non é pracenteiro de observar. Pero **é necesario non apartar a vista e protexer os dereitos** que se conseguiron ao longo de moitas xeneracións de loita.

Animamos a todas as persoas críticas a saír do armario, a informarse e facerse a súa propia composición do que está a acontecer. Chamamos a **apoiarnos mutuamente**, a **obxectar ao certificado** e a **contrastar a información** dos medios antes de vacinarse indefinidamente ou vacinar ás crianzas.

+ info e contacto: [saudemutua.noblogs.org](http://saudemutua.noblogs.org)